

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DESTINATARIO

TABOLEIRO DE ANUNCIOS/
PORTAL DE TRANSPARENCIA

Pola presente dáselle traslado do literal do Decreto 67.2017 de data 20/02/2017 no que se convoca a sesión do Pleno do Concello na súa condición de membro de dito órgano.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE XOVES 23 DE FEBREIRO DE 2017.

EXPEDIENTE Nº 2017/G010/000002

"Descrición decreto: **EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DE 23/02/2017**

EXPEDIENTE Nº 2017/G003/000078

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

*En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola Secretaria municipal o día 20/02/2017, conforme ao establecido nos artigos 81.1.a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 2 a) do RD 1174/1987, do 18 de setembro, **RESOLVO:***

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello, o próximo **xoves 23/02/2017 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. - SESIÓN ORDINARIA DE 26.01.2017.

2. PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) POS+ 2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.

3.- ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, CURSO ESCOLAR 2016-2017, EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, ESO. ACORDOS QUE PROCEDAN.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-AA RELATIVA AOS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS E ÁS RESPONSABILIDADES DAS COMPAÑÍAS ELÉCTRICAS SUBMINISTRADORAS.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-AA PARA NOMEAR O PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME COMO PASEO FLUVIAL ROSALÍA DE CASTRO.

6.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA GARANTA QUE O CONCELLO DE PONTEDEUME PERCIBIRÁ, COMO MÍNIMO, A TRAVÉS DO NOVO PLAN ÚNICO, OS MESMOS FONDOS QUE RECIBÍAN COAS LÍNEAS DE SUBVENCIÓN QUE EXISTÍAN CON ANTERIORIDADE.

7. - ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

8- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- *Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaría Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)*

CUARTO.- *Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987). "

Rógase que en caso de non poder asistir o comunique á Alcaldía, a través da Secretaría Xeral indicando os motivos que o xustifiquen.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo funcionario/a tramitador así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).

